

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O
DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2011 (por non celebrarse o 15 de decembro de 2011).**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E VINTECINCO MINUTOS** do día **DEZASEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúne a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e o concelleiro **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Non asiste: **Dª MARGARITA CAMPOS ESPIÑO**


A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 17-11-11 e ACTA 25-11-11.-**
- 2º.- DAR CONTA DECRETOS E DOCUMENTACIÓN.-**
- 3º.- LICENCIAS DE OBRA E/OU ACTIVIDADE.-**
- 4º.- CERTIFICACIÓN DE NON EXPEDIENTE URBANÍSTICO SANCIONADOR.-**
- 5º.- RECURSO ADM. NUDESA.-**
- 6º.- OBRAS PLAN DE INVESTIMENTOS 2009-2011 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-**
- 7º.- OBRAS PLAN DE INVESTIMENTOS 2009-2011 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PRAZA DA FEIRA VELLA DE SILLEDA.**

- 1º.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.-**

Preséntase para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 17 de novembro



- de 2011
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2011

A Sra. Alcaldesa dí que se aproba por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar as actas da Xunta de Goberno Local que se detallan:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 17 de novembro de 2011
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2011

2º.- DAR CONTA DECRETOS E DOCUMENTACIÓN.-

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta dase conta dos seguintes Decretos e comunicacións:

2.1.- Escrito da Consellería de Cultura e Turismo, Rexistro de Entrada nº 5137, de data 24 de novembro de 2011, remitindo comunicación da resolución da dirección xeral do Patrimonio Cultural, de data 15 de novembro de 2011, do procedemento sancionador do expediente nº S-P-27.11, no que se declara a caducidade do procedemento sancionador incoado a José Luis Mato Cerdeira, con motivo da escavación dunha foxa no adro da Igrexa parroquial de Fiestras (Silleda), para construir unha sepultura, sen licenza municipal nin autorización da dirección xeral do Patrimonio Cultural.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.2.- Escrito da Consellería de Cultura e Turismo, Rexistro de Entrada nº 5135, de data 24 de novembro de 2011, remitindo comunicación da resolución da dirección xeral do Patrimonio Cultural, de data 15 de novembro de 2011, do procedemento sancionador do expediente nº S-P-24.11, no que se declara a caducidade do procedemento sancionador incoado a M^a Carmen Limeres Quintillán, con motivo da escavación dunha foxa no adro da Igrexa parroquial de Fiestras (Silleda), para construir unha sepultura, sen licenza municipal nin autorización da dirección xeral do Patrimonio Cultural.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.3.- Escrito da Consellería de Cultura e Turismo, Rexistro de Entrada nº 5136, de data 24 de novembro de 2011, remitindo comunicación da resolución da dirección xeral do Patrimonio

A large, handwritten signature in black ink is positioned at the bottom right of the page. The signature appears to be in Spanish and likely belongs to the Mayor of Fiestras, as indicated by the document's title. The signature is fluid and cursive, with some loops and variations in thickness.

Cultural, de data 15 de novembro de 2011, do procedemento sancionador do expediente nº S-P-26.11, no que se declara a caducidade do procedemento sancionador incoado a Antonio Rodríguez Quintillán, con motivo da escavación dunha foxa no adro da Igrexa parroquial de Fiestras (Silleda), para construir unha sepultura, sen licenza municipal nin autorización da dirección xeral do Patrimonio Cultural.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.4.- Escrito da Consellería de Cultura e Turismo, Rexistro de Entrada nº 5134, de data 24 de novembro de 2011, remitindo comunicación da resolución da dirección xeral do Patrimonio Cultural, de data 15 de novembro de 2011, do procedemento sancionador do expediente nº S-P-25.11, no que se declara a caducidade do procedemento sancionador incoado a Manuel Limia Conde, con motivo da escavación dunha foxa no adro da Igrexa parroquial de Fiestras (Silleda), para construir unha sepultura, sen licenza municipal nin autorización da dirección xeral do Patrimonio Cultural.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.5.- Escrito da Consellería de Cultura e Turismo, Rexistro de Entrada nº 5133, de data 24 de novembro de 2011, remitindo comunicación da resolución da dirección xeral do Patrimonio Cultural, de data 15 de novembro de 2011, do procedemento sancionador do expediente nº S-P-23.11, no que se declara a caducidade do procedemento sancionador incoado a Marina Limia Conde, con motivo da escavación dunha foxa no adro da Igrexa parroquial de Fiestras (Silleda), para construir unha sepultura, sen licenza municipal nin autorización da dirección xeral do Patrimonio Cultural.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.6.- “DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Dº Evaristo Rey Conde, con DNI nº 76801625-W, Rexistro de Entrada nº 5432 de data 13 de decembro de 2011, en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL GAITEIROS DA PEREIRIÑA, para que se proceda á inscripción da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro.

Visto que presentáronse xuntamente a solicitude os documentos requeridos no artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régimen Xurídico das Corporacións Locais.

Esta Alcaldía-Presidencia, RESOL VE:

1º.- Avocar-Ia competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por resolución da alcaldía de data 04 de xullo de 2011.

2º.- Proceder a inscripción no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Silleda da ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL GAITEROS DA PEREIRIÑA.

Silleda, a 13 de decembro de 2011

A ALCALDESA-PRESIDENTA

Asdo. Paula Fernández Pena

A SECRETARIA

(Art. 2.R.D. 1174/1987, do 14 de setembro)

Asdo. Cristina Alonso Losada²

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.7.- Dase conta do escrito remitido pola Consellería de Traballo e Benestar, Rexistro de Entrada nº 5379, de data 09 de decembro de 2011, remitindo a seguinte documentación:


- Un exemplar asinado do Convenio de colaboración para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD.
- Un exemplar asinado do Protocolo de colaboración para a implantación doutros programas de atención ás persoas maiores e/ou con discapacidade que viven soas.
- Unha instrucción para o acceso ao módulo “extranet-concellos” do SIGAD.
- O manual de uso do módulo “extranet-concellos” do SIGAD.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.8.- Dase conta do escrito remitido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Src. 1, Rexistro de Entrada nº 4491, de data 18 de outubro de 2011, relativo o procedemento ordinario 0000667/2010 interposto pola Federación de Servicios a la Ciudadanía del Sindicato Nacional CC.OO. contra o acordo do Concello de Silleda de data 27 de maio de 2010, ordenando a remisión do expediente.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.9.- Dase conta do escrito remitido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Src. 1, Rexistro de Entrada nº 5332, de data 07 de decembro de 2011, relativo o procedemento ordinario 0000667/2010 interposto pola Federación de Servicios a la Ciudadanía del Sindicato Nacional CC.OO. contra o Concello de Silleda, remitindo certificación da resolución dictada en data 20 de outubro de 2011, na que se acorda:

- “- Tener por desistido al recurrente Federación de Servicios a la Ciudadanía del Sindicato Nacional CC.OO., declarando la terminación de este procedimiento.*
- Firme la presente resolución, archivar las actuaciones.*
- Unir certificación literal de esta resolución al procedimiento y el original al Libro Registro correspondiente.*
- Póngase en conocimiento de la Administración demandada.”*
- 

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3º.- LICENCIAS DE OBRA E/OU ACTIVIDADE.-

3.1.- LICENCIA DE OBRA MAIOR.

3.1.1.-A Xunta de Goberno Local, de conformidade co contido do informe técnico favorable do arquitecto do Concello, Lino Doperto Framil, de data 26 de outubro de 2011, e o informe xurídico de Juan Carlos González Peteiro, favorable de data 26 de outubro de 2011, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **acorda por unanimidade dos presentes:**

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dª MARÍA DOLORES ABANDES CAMANZO.
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Traslado (na mesma parcela) e restauración dun hórreo centenario.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Finca 745 do polígono 507 de referencia catastral 36052D507007450000XH, emprazada no lugar da Brea, parroquia de Lamela (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO: Arquitecto Técnico Dº Óscar Botana Pérez.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 5.000,00 € (segundo proxecto técnico).
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do arquitecto técnico municipal, de data 26 de outubro de 2011:

1. De acordo co establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, a obra solicitada considérase como MAIOR.

2. O solo da finca na que se pretende trasladar e restaurar o hórreo ten as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO de protección ordinaria segundo a D.T. 1ª da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións.

3. O uso de hórreo é asimilable ao indicado no punto 33.2.a da LOUGA: "Construccions e instalacions agrícolas en xeral, tales como as destinadas ó apoio das explotacions hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros ou outras análogas.". En virtude do art. 36.1º: "1. Usos permitidos por licencia municipal: Os

relacionados no apartado 1, letras a), b), c) e d), e no apartado 2, letras a), b), c), d), f), i), j) e m) do artigo 33º, e a letra g) de dito artigo no seu apartado 2, de acordo co lo establecido no artigo 34º.4 da presente lei."

4. Remitido o expediente completo á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, ésta resposta en data 23-xullo-2010 (rexistro de entrada número 3338) o que a continuación se transcribe:

"... Trátase dunha actuación nun hórreo que, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 16/1985 do patrimonio histórico español, goza da condición de ben de interese cultural. Conforme ao establecido no art. 37 e 44 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura e Turismo.

... ACORDO: Requirir unha nova proposta de emprazamento que recupere a vinculación coas edificacións tradicionais do lugar, fóra do contorno das instalacións de construción recente."

5. En escrito remitido a este Concello, en data 5-xaneiro-2011 (rexistro de entrada número 53), pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo consta o que a continuación se transcribe:

"... ACORDO: Non habería inconveniente en informar favorablemente sobre o traslado do hórreo, non obstante segundo o establecido no artigo 36 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia respecto ao desprazamento dos bens inmóveis declarados de interese cultural é preceptivo o informe de dous órganos consultivos previstos na citada lei. Aos efectos de solicitude do dito informe e autorización da Dirección Xeral deberase remitir proxecto técnico asinado por técnico competente."

6. En data 1-marzo-2011 (rexistro de saída número 335) remítense o proxecto técnico (asinado polo arquitecto técnico don Óscar Botana Pérez en data 10-febreiro-2011) demandado polo Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

7. En data 19-outubro-2011 (rexistro de entrada número 4511) a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo autoriza o traslado do hórreo coas seguintes condicións:

"- A limpeza realizarase por medios manuais, empregando cepillo de sedas vexetais, tal e como se describe no orzamento do proxecto, sen empregar auga ou chorro de vapor de auga ao que se refire a memoria construtiva.

- Eliminarase a soleira de formigón, limitando a cimentación ao apoio das cepas e pés.

- Deberase remitir ao remate dos traballos unha memoria detallada da actuación, dende o estado actual ao final, que incorpore documentación gráfica a nivel de planos e fotografías, con carácter exhaustivo."

8. O artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións minimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, establece en qué casos o promotor ten que designar un coordinador de seguridade e saúde. Dos datos aportados na solicitude non se pode determinar se na execución da obra interveñen mais dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, casos nos que sería precisa a designación do coordinador por parte do promotor. En consecuencia, no momento que se produzan os supostos antes indicados, a obra deberá de contar cun técnico director e coordinador dos traballos que se pretendan, dados os riscos que deles se derivan para os traballadores e os usuarios da vía pública.

9. En calquera caso, segundo o artigo 18 do R.D. 1627/1997, deberáse dar aviso previo á autoridade laboral competente antes do inicio dos traballos.

10. Deberáse cumplir o establecido no Real Decreto 105/2008, polo que se regula a producción e xestión de residuos de construcción e demolición, e en particular, a xestión e retirada de materiais sobrantes a vertedoiros autorizados.

11. Polo que respecta á delimitación de responsabilidades, os deterioros do medio físico ou calesquer producidos como consecuencia das obras realizadas, serán responsabilidade do promotor das obras.

12. Instalación de aparellos elevadores (grúas torres): Non se manifesta na solicitude a necesidade de instalación de grúa torre para a realización das obras. No caso de ser precisa, deberá de aportarse a documentación esixida na normativa de aplicación na materia (R.D. 2291/85, de 8 de Novembro; R.D. 836/2003, do 27 de Xuño; Orde do 13 de Maio de 1987 da Consellaría de Traballo, Industria e Turismo e Decreto 204/94, do 16 de Xuño, entre outros).

13. De acordo coa valoración levada a cabo polos Servicios Técnicos municipais considérase axeitado o orzamento dos traballos que figura no proxecto técnico aportado.

Polo tanto estimase oportuna a concesión da licenza de obra solicitada, con suxección ás anteriores determinacións

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumplir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 602/10.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construccíons que ascende a 31,00 € (Informe Técnico) e 112,50 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

3.2.- LICENCIA DE OBRA E ACTIVIDADE.

3.2.1..- Licencia Nº 4635/10. Visto o expediente instruido a instancia de Dº Julio Cacheda Camino en representación de AGRÍCOLA CACHEDA, S.L., solicitando licencia de obra e actividade para acondicionamento de local destinado a venda ao por menor de subministros agrícolas, a situar na rúa Progreso, nº 69 baixo (Silleda), segundo proxecto técnico asinado polo Arquitecto técnico Dº José Pereiras Sánchez, e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos en data 05 de outubro de 2011, e dirección de obra do arquitecto redactor do proxecto visada polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos en data 15 de outubro de 2011.

RESULTANDO: Que con data 30 de novembro de 2011 emítense informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico de data 30 de novembro de 2011.

RESULTANDO: Que con data 30 de novembro de 2011, polo Arquitecto Asesor Técnico emítense informe no que se sinala:

ANTECEDENTES:

1. O 19 de Outubro de 2010, D. Julio Cacheda Camino, en representación de Agrícola Cacheda, S.L., presenta solicitude de licencia municipal de obra e de actividade para un local destinado á venda ao por menor de subministracións agrícolas. Acompaña á solicitude con dous exemplares de proxecto de execución citados no cadro.

2. Procédese á exposición pública do expediente por un prazo de vinte días. Consta certificación da Secretaría Xeral do Concello de Silleda asinada o dia catorce de marzo de 2011, conforme non foron feitas alegacións.

3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo urbano, ordenanza: Edificación Cerrada.

4. O uso que se pretende é o seguinte: (punto 1.4 da memoria):

I.4.- ACTIVIDAD.-

La actividad del local es la VENTA AL POR MENOR DE SUMINISTROS AGRÍCOLAS.

En el presente local se realizará al venta al por menor de productos, tales como, recipientes para la alimentación y bebida de los animales, jaulas, bozales, correas, pediluvios, recipientes para la recolección de fruto, ordeñadoras, aperos de labranza, botas y vestido de protección para los agricultores, y demás accesorios para el desempeño de la actividad agrícola; dichos productos serán suministrados al mismo por proveedores autorizados, y colocados en las distintas estanterías del local. Los productos a comercializar se venderán al por menor debidamente precintados y sellados, con lo que no se producirá en el presente establecimiento ningún tipo de residuos.

Esta actividad encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no Anexo III, actividades excluidas do procedemento de avaliación ambiental, puntos 3.13 e 3.18 "3.13. Comercio polo miúdo de sementes, flores, plantas e animais de compañía." e "3.18. Outro comercio polo miúdo non comprendido noutras partidas".

5. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no Documento Básico Segridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

6. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

Polo que se considera que o antiproxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade: acorda a concesión da **licencia de obra** solicitada, e a **licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascenden as tasas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

3.2.2.- Examinado o expediente promovido por Dº MANUEL CARAMÉS ROZADOS, en virtude de instancia nº 5196 de data 29 de novembro de 2011, solicitando Licencia de obra, de apertura y primera ocupación para adecuación de instalación á normativa vixente en galería comercial, a situar na Avda. do Parque, nº 32 (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Dº Ángel Ibán Fernández Águila, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 15 de novembro de 2011, nº 21103187, e con oficio de dirección do enxeñeiro técnico redactor do proxecto, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 16 de novembro de 2011, nº 21103201.

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doperto Framil, de data 01 de decembro de 2011 no que se sinala:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex.2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA(L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L. 9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueoloxica en Galicia.*
- 1.13 *Planeamento do Concello de Silleda*
 - 1.13.1 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
 - 1.13.2 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
 - 1.13.3 *M.P. PXOU en Bandeira, reducción do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
 - 1.13.4 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
 - 1.13.5 *M.P. PXOU Una Ordenanza Reguladora do SUP(ART78). A.def. o 07/03/2002*
 - 1.13.6 *M.P. PXOU Una zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*
 - 1.13.7 *P.Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*
 - 1.13.8 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
 - 1.13.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*
 - 1.13.10 *E.D.Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*
 - 1.13.11 *E.D.Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*
 - 1.13.12 *E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*
- 1.14 *Concordantes*

ANTECEDENTES:

1. O dia 29 de novembro de 2011, Manuel Caramés Rozados presenta solicitude de Licencia Municipal de Obras e de Actividade para a Adecuación de instalacións á normativa vixente en galería comercial na Avda. do Parque, nº 32. Acompaña a solicitude de duas copias de proxecto básico e de execución asinado e visado, segundo se indica no cadro superior.

INFORME TÉCNICO:

2. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, en virtude da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo Urbano. Ordenanza Edificación Cerrada.

3. Con respecto á actividade comercial, o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, non menciona as galerías comerciais no Anexo III "Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental". Neste caso, segundo o art. 2 "(...) estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, consonte as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia". Polo tanto, propónse dar traslado dunha copia do expediente ao Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I. a fin de que se pronuncie sobre a necesidade ou non do procedemento de Avaliación Ambiental."

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda:

Remiti-lo expediente completo ó:

- **Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I.**

3.3.- Permiso de verquido.

Vista a solicitude presentada por Dº Diego Ferreira Vázquez, en calidade de xerente da PETROCELTA S.A., Rexistro de Entrada nº 3971, de data 16 de setembro de 2011, solicitando permiso de concesión de conexión ó alcantarillado para verquido das auags residuais xeradas nas instalacións.

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doperto Framil, de data 01 de decembro de 2011 no que se sinala:

"ANTECEDENTES:

Vista a documentación obrante neste Departamento, relativa ás instalacións de referencia, cómpre enumerar os seguintes:

1. Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, de dia 7 de xuño de 1997, nos seguintes termos: "Esta Alcaldía, a propuesta de la Comisión de Gobierno, ACUERDA LA CONCESIÓN PROVISIONAL de la licencia solicitada, debiendo cumplirse las observaciones y medidas correctoras que, en su informe, señala dicha resolución de la Comisión Provincial de Medio Ambiente de Pontevedra, y las condiciones figuradas en el Proyecto inicial y demás documentación técnica presentada que han servido de base para la obtención de esta Licencia

de Actividad Clasificada. No pudiendo comenzar a ejercerse la mencionada actividad hasta tanto no se conceda la licencia definitiva, para lo que será indispensable que se haya levantado acta de comprobación, que el interesado deberá solicitar a este Ayuntamiento, la cual tendrá que ser favorable, acompañando a la petición certificado del técnico director de las obras o instalaciones en el que se especifique la conformidad de las mismas con los términos de esta licencia".

2. Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, do dia 22 de decembro de 1997, nos seguintes termos: "Polo Sr. Alcalde, aceptando esta proposta, acórdase conceder á Empresa Gasóleos Galicia S.L., a licencia definitiva de apertura dun Parque de Almacenamento para Distribución de Gasóleos situado na R/ Ferial nº 3, de Silleda; si ben deberanse colocar no emplazamento adecuado os extintores e o carro, según proxecto e documentación técnica aprobada"

3. Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, do dia 10 de setembro de 2009. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o cambio de titularidade da licencia otorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de decembro de 2007 para Parque de Almacenamento para Distribución de Gasóleos, sito na rúa feiral, nº 3 (Silleda), a favor de ALMACÉN FISCAL DEZA, S.L.

4. Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, do dia 01 DE XUÑO DE 2011. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda o cambio de titularidade da licencia para parque de almacenamento de gasóleos a situar na rúa Ferial, nº 3, a favor de PETROCELTA, S.A.

Examinado o proxecto técnico (assinado pola enxeñeira técnica industrial dona M^a Pilar Pardo Pérez (col. 3111) e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo en data 03-marzo-2004) aportado coa solicitude que obtivo licencia municipal de obra e actividade, emito o seguinte:

INFORME:

5. Na memoria descriptiva do proxecto, apartado 2.5.4, que se transcribe a continuación, recóllense a previsión das medidas correctoras a instalar.

"2.5.4.- SANITARIAS.-

En los lugares en donde se pueden producir vertidos accidentales (incluso en funcionamiento normal) de hidrocarburos se han colocado sumideros que conectados con la red de aguas hidrocarburadas, son conducidos a un separador de hidrocarburos que garantiza un vertido inferior a 5 PPM (5 mg/l). De este separador de hidrocarburos las aguas ya libres de hidrocarburos pasan a la red de alcantarillado público."

6. Visto o informe da empresa concesionaria, presentado por Rexistro de Entrada deste Concello o 15 de novembro de 2011, nº 4924, os verquidos que se pretenden emitir do saneamento

municipal están dentro dos límites impostos pola Ordenanza Municipal de Vertidos e Uso do Sistema Público de Saneamento en Baixa do Concello de Silleda (BOP. N° 126 de 3 de xullo de 2009).

En conclusión, as instalacións e obras previstas de conexión ao saneamento municipal están recollidas na licenza municipal expresada nos puntos 1 a 4 do informe técnico e os seus valores cumpren cós límites que establece a Ordenanza Municipal de Verquidos e Uso do sistema Público de Saneamento en Baixa do Concello de Silleda (BOP 126 de 3/7/2009). ”

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda á concesión do Permiso de Verquido á rede municipal, segundo o indicado no informe técnico transcrito..

4º.- CERTIFICACIÓN DE NON EXPEDIENTE URBANÍSTICO SANCIONADOR.

4.1.- Vista a solicitude presentada por Dº ANTONIO COLMEIRO CAPINEL, Rexistro de Entrada nº 4868, de data 14 de novembro de 2011, de non ter aberto sobre a edificación sita no lugar de Margaride, nº 38 (Silleda) expediente de disciplina urbanística.

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doporto Framil, de data 30 de novembro de 2011 no que se sinala:

“1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algúun a nome do titular, Don Antonio Colmeiro Capinel, sobre unha edificación destinada a vivenda unifamiliar composta de planta baixo, planta piso e planta baixo cuberta destinada a almacén e terraza, situada en Margaride, nº 38 - Silleda, con referencia Catastral nº 36052H506003280000ZQ (parcela). Porén, cómpre indicar que cós medios á disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmoble obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmoble a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e no certificado de antigüidade sen visar, asinado polo técnico D. Óscar Botana Pérez, o día 8/11/2011, a edificación de R.C. 36052H506003280000ZQ (parcela) tén unha antigüidade de 15 anos, sen aclarar se houbo ou non posibles modificacións de volume posteriores.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notificase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen

licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.”

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda notificar a Dº Antonio Colmeiro Capinel as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro da Propiedade.

4.2.- Vista a solicitude presentada por Dº MÓNICA SÁNCHEZ CASAL, Rexistro de Entrada nº 4818, de data 10 de novembro de 2011, de non ter aberto sobre a edificación sita no lugar de Cornado, nº 42, parroquia de Chapa (Silleda) expediente de disciplina urbanística.


RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doperto Framil, de data 30 de novembro de 2011 no que se sinala:

“1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algún a nome do titular, Dona Mónica Sánchez Casal, sobre unha edificación destinada a vivenda unifamiliar en planta baixa, situada en Cornado, 42, Chapa - Silleda, con referencia Catastral nº 36052A034000080000KP (parcela). Porén, cómpre indicar que cós medios á disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmoble obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmoble a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e no certificado de antigüidade sen visar, asinado polo técnico D. Óscar Botana Pérez, o día 18/10/2011, a edificación de R.C. 36052A034000080000KP (parcela) tén unha antigüidade de 15 anos, sen aclarar se houbo ou non posibles modificacións de volume posteriores.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notificase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.”

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda notificar a Dº Mónica Sánchez Casal as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro da Propiedade.



4.3.- Vista a solicitude presentada por Dº JESÚS SÁNCHEZ GARCÍA, Rexistro de Entrada nº 4967, de data 17 de novembro de 2011, de non ter aberto sobre a edificación sita no lugar de Senra, nº 27, parroquia de Escuadro (Silleda) expediente de disciplina urbanística.

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doperto Framil, de data 30 de novembro de 2011 no que se sinala:

"1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algúm a nome do titular, Don Jesús Sácnhez García, sobre unha edificación destinada a vivenda/taller, situada en Senra, nº 27, parroquia de Escuadro - Silleda, con referencia Catastral nº 36052A039000040000KE (parcela). Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmoble obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmoble a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e no certificado de antigüidade sen visar, asinado polo técnico D. Óscar Botana Pérez, o dia 08 de novembro de 2011, a edificación de R.C. 36052A039000040000KE (parcela) tén unha antigüidade superior os 10 anos.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notificase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei."

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcadesa, por unanimidade dos presentes, acorda notificar a Dº Jesús Sánchez García as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro da Propiedade.

4.4.- Vista a solicitude presentada por Dª CARMEN REY GARCÍA, Rexistro de Entrada nº 4722, de data 03 de novembro de 2011, de non ter aberto sobre a edificación sita no lugar de Santifoga, nº 8, parroquia de Piñeiro (Silleda) expediente de disciplina urbanística.

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doperto Framil, de data 30 de novembro de 2011 no que se sinala:

"1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algúm a nome do titular, Dona Carmen Rey García, sobre unha edificación destinada a vivenda unifamiliar composta de

planta baixa e piso, situada en Santisoga, 8, Piñeiro - Silleda, con referencia Catastral nº 36052D503003320000XA (parcela). Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmoble obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmoble a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e certificado de antigüidade sen visar, asinado polo técnico D. Óscar Botana Pérez, o dia 2/11/2011, a edificación de R.C. 36052D503003320000XA (parcela) tén unha antigüidade de 50 anos, sen aclarar se houbo ou non posibles modificacións de volume posteriores.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notifícase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.”

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcadesa, por unanimidade dos presentes, acorda notificar a Dª Carmen Rey García as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro da Propiedade.

4.5.- Vista a solicitude presentada por Dº FÉLIX TARRIO DIÉGUEZ, Rexistro de Entrada nº 4745, de data 04 de novembro de 2011, de non ter aberto sobre a edificación sita na rúa Lavadoiro, nº 6, A Bandeira (Silleda) expediente de disciplina urbanística.

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doporto Framil, de data 30 de novembro de 2011 no que se sinala:

“1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algún a nome do titular, Don Félix Tarrio Diéguez, sobre unha edificación destinada a vivenda unifamiliar composta de planta baixa e piso, situada en rúa Lavadoiro, nº 6, A Bandeira - Silleda, con referencia Catastral nº 36052C511011000000TF (parcela). Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmoble obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmoble a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e certificado de antigüidade sen visar, asinado polo técnico D. Óscar Botana Pérez, o dia 3/11/2011, a edificación de R.C.

36052C511011000000TF (parcela) tén unha antigüidade de 30 anos, sen aclarar se houbo ou non posibles modificacións de volume posteriores.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notifícase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.”

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda notificar a Dº Félix Tarrio Diéguez as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro da Propiedade.

5º.- RECURSO ADM. NUDESA.-

Visto que, por Dª Josefa Fernández Méndez, con domicilio en San Fiz, nº 3 - Margaride presentouse escrito interpoñendo recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de datab 15 de setembro de 2011 sobre medición do nivel de ruidos producidos pola empresa Nutrimentos del Deza, S.A. (Nudesa), de data novembro de 2011 (rexistro de entrada 21.11.11, nº 5036).

Visto que, pola Policía Local, en data 09 de setembro de 2011, emítese informe nº 325/2011.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de setembro de 2011, que transcribese:


“En relación o escrito presentado por Dª Josefa Fernández Méndez, con domicilio en San Fiz, nº 3 - Margaride sobre medición do nivel de ruidos producidos pola empresa Nutrimentos del Deza, S.A. (Nudesa), dase conta dos seguintes informes:

Informe nº 325/2011, de data 09 de setembro de 2011, emitido pola Policía Local:

“ACTA DE MEDICIÓN DE RUIDOS

En Silleda ás 18:00 horas do día 12 de setembro do ano 2011, os axentes da policía Local cos carnés profesionais números 265003 e 265005, segundo órdenes desta alcaldía procedeuse a realizar a seguinte medición de ruidos.

DATOS DA PERSOA DENUNCIANTE:



D./DNA.:	Dª JOSEFA FERNÁNDEZ MÉNDEZ
DNI:	34.482.896-P
DOMICILIO:	SAN FIZ N°-3

DATOS DA EMPRESA DENUNCIADA:

LUGAR	SAN FIZ	APDO.	50
TITULAR	NUTRIMENTOS DEZA S.A.	N.I.F.	A-36.011.385

APARELLO UTILIZADO	SONÓMETRO PCE-322A
---------------------------	---------------------------

LUGAR DA MEDICIÓN: NA VÍA PÚBLICA SITA EN SAN FIZ N°-3

TRAMOS HORARIOS	VALOR MÁXIMO	VALOR MÍNIMO
10:00 - 10:10	49,9	44,3
12:00 - 12:10	53,6	44,2
01:00 - 01:10	45,2	42,5

Informe de data 15 de setembro de 2011, emitido polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal:

"INFORME SOBRE EMISIÓN DE RUIDOS

A instancias da Alcaldesa do Concello de Silleda, en relación coas denuncia formulada por dona Josefa Fernández Méndez, presentada o 3 de agosto de 2011, con R.E. 3278, sobre as molestias producidas pola emisión sonora das instalacións de Nutrimentos del Deza, S.A., (NUDESA) que afectan á sua vivenda situada nas inmediacións á mesma, no lugar de San Fiz nº 3, Margaride, a uns 250 metros de distancia segundo manifesta no seu escrito; emitese o seguinte informe:

ANTECEDENTES:

Consta no expediente a seguinte documentación:

- *Documentación presentada polo presunto emisor das molestias sonoras, xuntando có mesmo facturas de silenciadores e bastidores instalados.*
- *Aporta asimesmo informe da empresa DEKRA AMBIO SAU, homologada pola*

Xunta de Galicia para efectuar medicións de contaminación acústica e vibracións, en medicións efectuadas o dia 24 de febreiro de 2011 nas inmediacións da empresa.

- *Acta de medición de ruidos da Policia Local do Concello de Silleda, sobre medicións efectuadas o mesmo dia 12 de setembro de 2011 ás 18 horas, polos axentes 265003 e 265005, utilizando un sonómetro PCE-322A nos tramos horarios entre 10:00 e 10:10, 12:00 e 12:10 e 01:00 e 01:10.*

INFORME:

1. *O Concello de Silleda non conta con Ordenanzas específicas contra a contaminación acústica actualmente aprobada.*
2. *Visto o informe da empresa DEKRA AMBIO SAU e a acta da Policia Local, as emisións sonoras recollidas en ámbolos dous casos, son inferiores ás máximas admisibles no Decreto 320/2002, de desenvolvemento da Lei 7/1997 contra a Contaminación Acústica de Galicia; que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminacion acustica, informe no que se expón que os valores recollidos son inferiores aos máximos permitidos pola normativa vixente.”*

Vistos os informes anteriormente transcritos, a Xunta de Goberno Local non entende oportuno realizar medicións de ruidos cunha periodicidade determinada e acorda remitir copias dos informes anteriormente transcritos a denunciante Dª Josefa Fernández Méndez, así como dar traslado dos mesmos a Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda desestimar o recurso administrativo de reposición presentado por Dª Josefa Fernández Méndez nos mesmos termos expresados no acordo transscrito, así como notificar este acordo a mesma.

6º.- OBRAS PLAN DE INVESTIMENTOS 2009-2011 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

Mediante escrito con rexistro de Entrada nº 5357, de data 07 de decembro de 2011, polo Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, remítese resolución presidencia que literalmente di:

“Conforme o previsto na base décimo sexta do Plan de Investimentos da Deputación de Pontevedra 2009-2011 RESOLVO entregarlle o investimento núm. 2009092411, denominado “Mellora dos camiños de Ponte, Aldea Grande, Martixe, O Castro, Ribarao, etc.”, que recibiu

esta Deputación na data 15/04/2011, ó Concello de "Silleda" para que quede á súa disposición e coidado, correndo ó seu cargo a conservación e mantemento. Deste acto redactarase a correspondente acta de entrega material. O investimento entrégase en perfectas condicións para que poida utilizarse para o seu fin e poñerse en servizo ó público.

Co acto de entrega darase por pagada a subvención deste investimento, ó mesmo tempo que se incorporará ó correspondente inventario xeral de bens e dereitos do concello, dándose de baixa no inmobilizado da Deputación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda remitir este escrito ó Departamento de Urbanismo do concello para seu informe.

7º.- OBRAS PLAN DE INVESTIMENTOS 2009-2011 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PRAZA DA FEIRA VELLA DE SILLEDA.

Mediante escrito con rexistro de Entrada nº 5358, de data 07 de decembro de 2011, polo Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, remítese resolución presidencia que literalmente dí:

“Conforme o previsto na base décimo sexta do Plan de Investimentos da Deputación de Pontevedra 2009-2011 RESOLVO entregarlle o investimento núm. 2009002412, denominado “Humanización da Praza da Feira Vella”, que recibiu esta Deputación na data 08/02/2011, ó Concello de “Silleda” para que quede á súa disposición e coidado, correndo ó seu cargo a conservación e mantemento. Deste acto redactarase a correspondente acta de entrega material. O investimento entrégase en perfectas condicións para que poida utilizarse para o seu fin e poñerse en servizo ó público.

Co acto de entrega darase por pagada a subvención deste investimento, ó mesmo tempo que se incorporará ó correspondente inventario xeral de bens e dereitos do concello, dándose de baixa no inmobilizado da Deputación.”

Visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doporto Framil, de data 12 de decembro de 2011

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda comunicar á Deputación Provincial de Pontevedra o seguinte:

1º.- Que segundo informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doporto Framil, as obras están realizadas.

2º.- Que recíbese a obra con manifestación das deficiencias detectadas nos términos do

informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doporto Framil, de data 12 de decembro de 2011, que consta no expediente e que se transcribe:

“INFORME:

Á vista do informe asinado polo técnico que suscribe o dia 23 de setembro de 2011, e vistas as accións que se executaron sobre a citada praza, constátase que as obras que se levaron a cabo foron as seguintes:

- *Retirada dos adoquins, tanto dos que estaban soltos como dos qye ainda se encontraban no seu lugar, deficientemente colocados.*
- *Labores de axardinamento das zonas verdes.”*

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluidos na orde do día, que declaran urxentes:

1º.- CERTIFICACIÓN DE NO EXPEDIENTE URBANISTICO SANCIONADOR.

4.1.- Vista a solicitude presentada por Dª DOLORES JOSEFA MATO GÓMEZ, Rexistro de Entrada nº 5153, de data 25 de novembro de 2011, de non ter aberto sobre a edificación sita na rúa María Colmeiro nº 8 de Silleda expediente de disciplina urbanística.

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doporto Framil, de data 07 de decembro de 2011 no que se sinala:

“1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente urbanístico sancionador algúun a nome da titular, Dona Dolores Josefa Mato Gómez, sobre unha edificación composta de planta baixa, tres plantas altas e planta baixo cuberta, situada na Rúa María Colmeiro, nº 8, Silleda, con referencia Catastral nº 1976013NH6217N0001ID. Porén, cómpre indicar que cós medios á disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmoble obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmoble a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e no certificado de antigüidade sen visar, asinado polo técnico Don José Pereiras Sánchez, do dia 22 de Novembro de 2011, a edificación de R.C.

1976013NH6217N000IID, tén unha antigüidade superior os 22 anos.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notifícase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.”

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda notificar a Dª Dolores Josefa Mato Gómez as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro da Propiedade.

2.- LICENCIAS ACTIVIDADE.

2.1.- Licencia Nº 1503/11. Visto o expediente instruido a instancia de Dº José Ferreiro Lage en representación de FEMASI, S.L., solicitando licencia para acondicionamento de local para comercio polo miúdo de artigos deportivos que inclúen caza e pesca, a situar na rúa Carballeira do Chousiño, nº 8 baixo (Silleda), segundo proxecto técnico básico e de execución asinado polo Arquitecto técnico Dº Oscar Botana Pérez, e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra en data 29 de marzo de 2011, e dirección de execución do arquitecto redactor do proxecto, sen visar.

RESULTANDO: Que con data 12 de decembro de 2011 emítense informe xurídico de Juan Carlos González Peteiro manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico de data 12 de decembro de 2011.

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doporto Framil, de data 12 de decembro de 2011 no que se sinala:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.*
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002*
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*

- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
- 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reducción do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 1.15.8 P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
 - 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
 - 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.12 E.D. Calelo da Feira. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. O día 7 de abril de 2011, D. José Ferreiro Lage, en representación de FEMASI, S.L., solicita licencia de obra e actividade para local adicado a "Comercio polo miúdo de artigos deportivos que incúen caza e pesca" a situar na parcela citada más arriba. Aporta unha copia de proxecto asinado por técnico e visado segundo se indica no cadro.

2 Procédese á exposición pública do expediente por un prazo de vinte días. Consta certificación da secretaría xeral do Concello de Silleda do dia 10/6/2011 de que non foron feitas alegacións.

3 O día 27 de outubro de 2011, o técnico, emite informe de deficiencias do proxecto. O día 24 de novembro de 2011, R.E. 5145, D. José Ferreiro Lage presenta escrito aportando a documentación solicitada no mencionado informe técnico.

4 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacíons, como Solo urbano, ordenanza: Edificación Cerrada.

5 O uso que se pretende é o seguinte: (punto 4 da memoria):

"El local situado en la Calle Carbelleira do Chousijo nº8 Silleda y se dedicará a comercio al por menor de artículos de deporte, en la especialidad de caza y pesca, en la que se venderán complementos de vestuario de caza sin venta de armas y accesorios para la pesca."

Dentro do Plan Xeral, esta actividade é compatible nesta clase de solo: art. 18.1.- USOS ADMITIDOS.- - Comercial.- Todos los grados.

Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no Anexo III, actividades excluidas do procedemento de avaliación ambiental, puntos 3.11 e 3.18 "3.11. Comercio polo miúdo de xoguetes e artigos de deporte." e "3.18. Outro comercio polo miúdo non comprendido noutras partidas".

6 O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no Documento Básico Segridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

7 O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

Polo que considérase que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascandan as tasas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

2.2.- Licencia Nº 1450/11. Visto o expediente instruido a instancia de Dª **SUSANA TOUBES CACHFEIRO**, solicitando licencia para acondicionamento de local para oficina, a situar na rúa Morón, nº 1 baixo (Silleda), segundo proxecto técnico asinado polo Arquitecto técnico Dº Luis Llorente Taboada, e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos en data 04 de abril de 2011, e dirección de obra do arquitecto redactor do proxecto, visada polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos en data 04 de abril de 2011

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal,

Lino Doperto Framil, de data 14 de decembro de 2011 no que se sinala:

"ANTECEDENTES:

1. O 5 de abril de 2011, dona Susana Toubes Cachafeiro, presenta solicitude de licencia municipal de obra e de actividade para un local destinado oficina. Acompaña á solicitude con un exemplar de proxecto de execución visado citado no cadro.
2. Procédese á exposición pública do expediente por un prazo de vinte días. Consta certificación da Secretaría Xeral do Concello de Silleda asinada o día tres de xuño de 2011, conforme non foron feitas alegacións.
3. O día 27 de outubro de 2011, R.S.1824 de 7/11/2011, emitese informe técnico de deficiencias. O dia 29/11/2011, r.e. 5213, Luis Llorente Taboada aporta documentación requirida no informe aportado anteriormente.
4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo urbano**, ordenanza: **Edificación Cerrada**.

5. O uso que se pretende é o seguinte: (punto 1.4 da memoria):

"1.4 Actividad
El acondicionamiento del local es para "oficina"

Consonte ao Plan Xeral, esta actividade é compatible nesta ordenanza: art. 18.1. USOS ADMITIDOS: - Uso Público.- Todos los grados. Dentro da definición do uso público, figura as pequenas oficinas: art. 132. 3º.- OFICINAS PEQUEÑAS (menores de 200 m²)

Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no Anexo III, actividades excluidas do procedemento de avaliación ambiental, punto 4.5 "Despachos profesionais, xestorías, oficinas e similares".

6. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria do proxecto.

7. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se xustifica na memoria do proxecto. Cómpre facer constar que para salvar a diferencia de cota existente entre a beirarrúa e o nivel do piso acabado da instalación, aproximadamente de 1.20 metros, prevése na documentación gráfica e na memoria do proxecto técnico a instalación dunha plataforma elevadora, segundo se recolle no punto 3.9 da mesma, que se recolle a continuación:

“3.9 Instalación de plataforma hidráulica elevadora

Se instalará una plataforma hidráulica para salvar el desnivel existente, 1,20 m., desde la acera hasta la entrada de la oficina.

Se utilizará una plataforma que se deslice mediante carriles colocados a lo largo de la estructura base, donde están los componentes.

La velocidad máxima de desplazamiento será inferior a los 0,15 m/s para una carga máxima de 160 Kg. Las dimensiones de la cabina serán de 1,20 m x 0,80 m. Dispondrá de pulsadores de presión continua y suelo antideslizante. El sistema de movimiento será mediante cilindro y con motor controlado.

La botonera de cabina protegida para su funcionamiento, mediante un interruptor de llave para evitar un funcionamiento no deseado.

La tensión de funcionamiento será monofásica con una intensidad de 16 amp.

Dispondrá de elementos de seguridad para evitar Atrapamientos en bajada.”

Polo que considérase que o anteproxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal.”


De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascenden as tasas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

3.- Escrito Rexistro de Entrada nº 5381, de data 09 de decembro de 2011. Dase conta:

Polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 5381,d e data 09 de decembro de 2011, remitindo acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial da sesión do día 25 de novembro de 2011 na que se aproba, entre outros, a proposta de concesión de subvención a conservatorios de música públicos non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con cargo á aplicación 11/330.323.462.06 do vixente orzamento provincial, correspondéndolle a este concello a cantidade de 6.944,00 € para “**Gastos de Funcionamento da Escola de Música**”, debéndose xustificar a axuda concedida antes do 31 de marzo de 2012, remitindo diversa documentación.

A Xunta de Goberno Local, queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo o Departamento de Cultura para súa tramitación.

4.- Escrito Rexistro de Entrada nº 4576, de data 24 de outubro de 2011 Dase conta:



Polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta do escrito remitido por Dº José María Rey López, rexistro de Entrada nº 4576, de data 24 de outubro de 2011, solicitando licencia para rellenar 95 c.c.as fincas 321, 322 e 323 con relleno da finca 328 e transportar terras para a 328 da finca 324.

A Xunta de Goberno Local, queda enterada deste escrito así como comuncia que xa foi contestado e remitido á APLU.

5.- Dase conta polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, en relación ó asunto do **mercadillo de venta ambulante no recinto feiral Semana Verde** e a aplicación da Ordenanza reguladora do exercicio de venda ambulante (BOP 05.02.96).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

6º.- **Abastecemento domiciliario de auga potable na parroquia de Cortegada.**
Certificación importe total 93.450,37 € da obra cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Polo concelleiro de Obras, Manuel Cuiña Fernández, quérese facer constar en acta que a obra foi realizada en 10 días, que realizáronse melloras superiores as ofertadas e que estas melloras prolongáronse mais alá dos 10 día en base o asesoramento técnico.

O concelleiro de Obras, Manuel Cuiña Fernández, dí que asinouse o 15 de novembro de 2011 a acta de comprobación e replanteo e certificouse o final de obra o 25 de novembro de 2011.

O concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, manifesta que conste en acta que deberíase deixar establecido o prazo de realización de melloras despois de 10 días

O concelleiro de Obras, Manuel Cuiña Fernández, mostra conformidade coas empresas.

O concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, mostra a súa conformidade co modo de levar estas obras, que é un bo traballo no tempo establecido e que as melloras levan mais tempo.

Pola Alcalsa-Presidenta dase conta da certificación nº Un (única), polo importe de 93.450,37 €, correspondente a obra "ABASTECEMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE NA PARROQUIA DE CORTEGADA" do PPC/2011, executada por Construcciones Míguez Xestoso, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Un (única) da obra "ABASTECEMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE NA PARROQUIA DE CORTEGADA" do PPC/2011,

por importe de 93.450,37 € asinada polo Arquitecto Director das Obras, Dº Lino Manuel Doporto Framil.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE con IVA
Fecha	Número		
5122011	11	Construcciones Míguez Xestoso S.L.	93.450,37 €

7º.- Polo Concelleiro de Medio Rural, Antonio Couso Alvarez, solicita que en relación a licencia de ampliación, licencia de establos, maquinaria, se estudie rebaixar a taxa modificando a Ordenanza.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta solicitude, e procederase o seu estudio.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as quince horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe e certifico.



Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe A SECRETARIA,

Asdo. Cristina Alonso Losada